

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APERTURA DE IGREXAS NO CAMIÑO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Arcebispado de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para permitir a apertura das igrexas máis singulares e de interese para os peregrinos pertencentes á dita Diocese.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do 2 produto turístico da Comunidade



galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- O Arcebispado de Santiago de Compostela esta interesado en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía. O Arcebispado é o titular das igrexas cuxa apertura ás persoas peregrinas é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e por tanto o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

Terceiro.- No Plan Estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2021 se recolle na liña estratéxica 5: o fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeas.

Unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmoables, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela. A maior afluencia de peregrinos ten lugar no verán.

O Arcebispado de Santiago comprométese a manter abertas ata o 31 de outubro as seguintes igrexas pertencentes á dita Diocese:

Igrexa	Horario
San Lázaro	De luns a sábado de 9.00 a 14.00 h De luns a sábado de 16.00 a 20.00 h Domingo de 10.00 a 14.00 h Domingo de 16.00 a 20.00 h
San Pedro Apóstolo	De luns a sábado de 10.00 a 13.30 h Sábado 18.30-20.00 Domingo de 10.00 a 13.30 h



Capela Xeral de Ánimas	De luns a domingo de 8.30 a 14.00 h De luns a venres de 17.00 a 19.00 h
San Bieito do Campo	De luns a domingo de 9.00 a 14.00 h
San Paio de Antealtares	De luns a domingo de 8.00 a 13.00 h De luns a domingo de 15.30 a 20.30 h
Igrexas das Nais Mercedarias	De luns a venres de 10.00 a 12.15 h De luns a venres de 16.00 a 18.30 h Sábado de 10.00 a 12.15 h Domingos de 11.30 a 13.00 h
San Miguel dos Agros	De martes a domingo de 09.00 a 13.00 h Sábado de 17.00 a 19.30 h
Capela de San Roque	De martes a sábado de 16.00 a 20.00 h Domingo de 10.00 a 13.00 h Domingo de 17.30 a 19.00 h
San Fructuoso	De luns a sábado de 9.00 a 13.00 h De luns a sábado de 16.00 a 21.00 h Domingo de 10.00 a 14.00 h Domingo de 16.00 a 21.00 h
San Fiz Solovio	De luns a sábado de 8.00 a 13.00 h
Santa María Salomé	De luns a sábado de 7.30 a 8.30 h De luns a sábado de 17.00 a 20.00 h Domingo de 7.30 a 8.30 h Domingo de 11.00 a 13.00 h Domingo de 17.00 a 20.00 h



Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa apertura de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios.

Que a través deste convenio, outórgase ó Arcebispado de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la iglesia Lema

